

PROCEDIMIENTO.- Convocatoria Subvenciones Nominativas
Exp. 2025/A004/000012

CONVENIO REGULADOR ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A BANDA DE MÚSICA SANTIAGO DE ARTEIXO PARA A COLABORACIÓN EN DISTINTAS INICIATIVAS MUSICAIS DURANTE O ANO 2025 NO CONCELLO DE ARTEIXO

Dunha parte don Carlos Calvelo Martínez, con DNI [REDACTED] actuando en nome e representación do Concello de Arteixo (en adiante o Concello) do que é alcalde, con enderezo na Praza Alcalde R. Dopico, nº1 e no exercizo da facultade que se lle outorgou polo acordo adoptado na Xunta de Goberno Local na que se aprobou este convenio.

Doutra parte dona Cristina Rey Diz, con DNI [REDACTED] actuando en nome da Banda de Música de Música Santiago de Arteixo (en adiante a Banda) da que é presidenta, co número de CIF V15732506.

EXPOÑEN

De conformidade co disposto no artigo 1 do RDL 781/1986, o Concello de Arteixo ten plena capacidade para obrigarse.

En virtude do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril de BRL, e a modificación introducida pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local o Concello de Arteixo é competente para o desenvolvemento de actividades culturais.

Considerando que a Banda ten plena capacidade para asinar o presente convenio e non se atopa incurso en ningún dos supostos do artigo 13 da Lei 38/2003, de prohibición para obter subvencións ou axudas públicas.

Considerando que o obxecto do presente convenio é a colaboración para a difusión da música a través dun grupo bandístico local non profesional, e que non se atopa dentro do ámbito obxectivo da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das corporacións locais, e que nas Bases de execución do orzamento municipal de 2025, se contempla xa a concesión dunha subvención nominativa a favor da Banda.

Considerando, xa que logo, a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente polo importe de **32.000,00 €** na aplicación orzamentaria **334.48901**.

Considerando que consta acreditado no expediente que o beneficiario se atopa ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e co Concello de Arteixo. Igualmente consta acreditado que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social e asemade consta declaración responsable do

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

beneficiario relativa a outras subvencións e/ou axudas recibidas con idéntico destino, a non ter cantidades pendentes derivadas de expediente de reintegro de subvencións, así como de non atoparse en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, a subvención de referencia cumpre os seguintes requisitos:

- a) A entrega faise sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) A entrega está suxeita ao cumprimento do obxectivo, proxecto ou actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.
- c) O proxecto, acción ou situación financiada teñan por obxecto unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción de finalidade pública.

Verificado o carácter excepcional da Banda de Música Santiago de Arteixo, por ser a única existente no concello con especialidade na música de bandas e recoñecida musicalmente polos premios acadados, o que a fai idónea para realizar o obxecto do presente convenio e xustificando así a exclusión da concorrência competitiva.

E, tendo en conta a vontade de ambas partes por establecer liñas de colaboración para realizar a promoción da música dentro do noso concello e para satisfacer unha necesidade social e cultural da poboación, compartindo obxectivos tales como: ofrecer unha nova visión da música na actualidade, fomentar a participación do público nas actividades e concertos musicais, cultivar o crecemento musical e a formación técnica continua dos compoñentes da banda ou fomentar o consumo de actividades culturais.

Tendo en conta, ademais, que ambas as dúas partes recoñécense con representación e con poder bastante para asinar o presente convenio con vixencia durante o 2025.

Por todo o exposto, establécese a regulamentación neste convenio a través das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: XUSTIFICACIÓN DA CONCESIÓN DIRECTA DA SUBVENCIÓN

O Concello, dentro das súas competencias, que lle foron atribuídas pola lexislación vixente, e no referente ás actividades e instalacións culturais, ten entre os seus propósitos a formación, fomento, promoción e produción de actividades musicais, deseñando e desenvolvendo actividades desta índole de interese xeral.

A Banda, constituída no ano 2000 ao abeiro da súa normativa específica, é a única destas características no municipio e conta con máis de 75 integrantes organizados como conxunto instrumental de vento (metal e madeira), corda e percusión. No 2012 creou unha sección xuvenil coa que se pretende formar a calquera músico/a independentemente da súa capacidade musical. Mantén, ademais, unha estreita

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

colaboración coa labor desempeñada pola Escola Municipal de Música como entidade propia. É identificada por toda a cidadanía e constitúe un punto de referencia estable no proxecto musical do pobo, sendo fundamental o seu papel de promoción e difusión da mesma. Cumpre un papel importante para o coñecemento, apoio didáctico e formación musical dos seus compoñentes e, dende a súa creación, un papel decisivo para dar a coñecer á veciñanza do concello os mellores temas da música clásica, moderna e contemporánea, en todos os xéneros e estilos e na promoción e difusión de distintos proxectos musicais. Ao mesmo tempo, dende a súa orixe, representa ao Concello en moitos actos institucionais, tanto dentro como fóra do municipio.

SEGUNDA: OBXECTO DA SUBVENCIÓN

A Banda colabora en satisfacer os intereses culturais e inquiredanzas musicais do Concello e dos seus habitantes, mediante o desenvolvemento dunha dobre labor sociocultural e educativa, así como contribúe á conservación do patrimonio musical municipal, nos termos indicados no presente convenio.

Polo tanto, precisa dunha axuda económica que lle permita canalizar toda esta oferta sociocultural. Todo isto sen esquecer que en Galicia existe unha tradición moi grande de bandas de música que é inseparable da nosa cultura popular e que, polo tanto, non pode deixar de estar presente naqueles espazos onde exista unha celebración festiva que reclame e enriqueza a súa presenza.

É, polo tanto, obxecto do presente convenio a realización por parte da Banda das seguintes actividades durante o ano que andamos:

- A formación dos máis de 75 músicos, tanto da sección xuvenil coma da sección senior, mediante un plan de formación presencial nun local adaptado á normativa e co mantemento do persoal de dirección necesario para as 2 formacións que existen. no seo da asociación. Isto inclúe a realización de ensaios presencias en pleno e ensaios seccionais así como masterclass presenciais por instrumento con profesores e músicos de recoñecido prestixio cun total de 500 h.
- A realización de concertos musicais que enriquecen a programación cultural nos principais festexos e eventos promovidos dende o municipio: Entroido, Festa das Flores, Festa do Santiago Apóstolo, Feira Histórica e Nadal.
- A realización do concerto na honra da patroa da música, a Santa Icí, no mes de novembro de 2025.
- O mantemento do persoal de dirección (2 directores) necesario para as 2 formacións que existen no seo da asociación.
- A súa ineludible participación nas distintas festividades parroquiais de Arteixo e/ou outros eventos relevantes para o Concello para enriquecer os distintos actos festivos co acompañamento de procesións e actos litúrxicos con música

específica, pasacalles e a realización de novas actividades cos reforzos musicais necesarios para elevar o nivel interpretativo da agrupación e o nivel de motivación do persoal.

- Iniciar outros proxectos innovadores nos que se potencie a creatividade dos participantes, a colaboración con outras asociacións que conforman o tecido sociocultural do Concello de Arteixo e amplíe e diversifique a oferta cultural do municipio.

As condicións que rexerán este convenio serán as seguintes:

a) **O seu período de vixencia será dende o 1 de decembro de 2024 ao 30 de setembro de 2025.**

b) A Banda fará constar que estas actividades son cofinanciadas polo Concello de Arteixo, incorporando a imaxe corporativa da Concellaría de Cultura en todos os soportes publicitarios mediante a inclusión do logotipo oficial en vigor.

c) Para o desenvolvemento deste convenio, así coma a matización de calquera aspecto que poida plantexarse na interpretación do mesmo, a interlocutora e responsable municipal será a/o **concelleira/o con delegación en materia de Cultura.**

d) O Concello, tendo en conta a opinión da Banda e o seu carácter de non profesional, establecerá as accións prioritarias para este ano, procurando seguir criterios de oportunidade e calidade artística.

e) A Banda comprométese a que a aportación económica recibida do Concello reverta no propio grupo para cubrir as súas necesidades ou as melloras que se consideren e que estean recollidas neste convenio, quedando exceptuados os gastos de adquisición de calquera tipo de material inventariable.

f) O Concello facilitará á Banda os contactos e calquera información de utilidade que consten no SM de Cultura para a realización das accións que se programen, sendo competencia da Banda organizar os eventos coas entidades interesadas que a soliciten.

TERCEIRA: OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

- Destinar os 32.000,00 € (trinta e dous mil euros), durante o tempo de vixencia da presente subvención cultural, para sufragar gastos varios relacionados directamente coas actividades obxecto deste convenio, **considerándose gastos subvencionables:** bancarios, cotas federación, xestoría, impostos, instrumentos musicais, material musical funxible (partituras de obras musicais, textos musicais para a práctica instrumental), arranxos de pezas musicais, composicións de obras musicais, gravacións discográficas, creación de proxectos audiovisuais, de espectáculos didácticos e/ou de teatro musical, nóminas, publicidade, reforzos musicais, seguridade social, seguros, teléfono, transporte en actuacións non remuneradas, alugueres (equipos, vehículos transporte

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

material, infraestruturas, sillas...), agasallos institucionais, plataformas de comunicación. En definitiva os necesarios para desenvolver a actividade programada e para dar cumprimento ás obrigas contidas no presente convenio, **sempre que non supoñan realización de investimentos, nin sexan gastos de manutención, hospedaxe/aloxamento ou ágapes.**

- Ofrecer dous formatos de actuación nas súas colaboracións: formato tradicional (pasacalle + procesión) ou ben formato de concerto, en ningún dos casos por un tempo inferior a 45 minutos e cun mínimo de 20 intérpretes.
- Colaborar co Concello de Arteixo, segundo as canles que se establezan en cada momento.
- Incorporar novos músicos, formándoos e axudándoos nos seus estudos musicais, e comprometéndose a manter un número mínimo de 30 membros e os materiais necesarios para as súas actuacións.
- Programar actividades seguras que fomenten a convivencia do grupo e o coñecemento dos seus membros.
- Incluír en todos os seus concertos, producións, espectáculos, gravacións e publicacións a imaxe corporativa que nese momento teña establecida a Concellaría de Cultura: <https://arteixo.org/informacion/imaxe-corporativa/>
- Responsabilizarse dos membros da Banda, tanto en accidentes como en responsabilidade civil, dentro e fóra do concello de Arteixo, subscribindo as correspondentes pólizas.
- Presentar a declaración responsable, se é o caso, para a celebración de actividades na vía pública, en cumprimento da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e demais documentación necesaria. Este documento pódese descargar no seguinte enlace: <https://arteixo.org/wp-content/uploads/2021/07/U029-DR-PRO-ESP-PUB-ACT-REC.pdf>
- Cumprir os obxectivos, realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano que concede a subvención así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- Comunicar ao órgano que concede a subvención a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

CUARTA: FINANCIAMENTO

O Concello de Arteixo comprométese a conceder **32.000,00 €** á Banda polos conceptos de gasto xa mencionados anteriormente neste convenio e que deberán estar encadrados dende o **1 de decembro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025**. Calquera cambio debe ser comunicado coa antelación suficiente á xustificación para ser valorado e aceptado.

A presente subvención é compatible coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, poderá superar o custe da actividade subvencionada.

QUINTA: OBRIGAS DO CONCELLO

- A Concellaría de Cultura comprométese a ceder o uso gratuíto dos espazos escénicos sobre os que ten competencia para os ensaios necesarios e os concertos que realice a Banda, sempre e cando exista dispoñibilidade, polo que debe solicitarse nos modelos normalizados coa suficiente antelación para obter a autorización pertinente. Os espazos escénicos en cuestión son: Auditorio do Centro Cívico Cultural de Arteixo “Manuel Murguía”, o Anfiteatro e a Capela do Balneario.
- Unha vez xustificado debidamente nos termos da lexislación vixente o cumprimento do obxecto da subvención, e fiscalizado de conformidade, o Concello comprométese ao recoñecemento da obriga e ao pagamento da subvención.
- Para o recoñecemento da obriga é imprescindible a execución íntegra do obxecto da subvención no seu labor sociocultural e educativo, así como de conservación do patrimonio, o que deberá ser valorado polo órgano de xestión responsable da área, e debidamente xustificado.

SEXTA: XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A Banda de Música Santiago de Arteixo comprométese a xustificar a cantidade acordada, con todos os documentos necesarios nos termos do artigo 28 da Lei de subvencións de Galicia 9/2007.

Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención; unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida, aplicando unha regra de tres para o cálculo.

Para o cobro da subvención concedida será requisito imprescindible a presentación previa da conta xustificativa que terá o seguinte contido mínimo, tal e como establecen os artigos 72 e 75 do RD 877/2006, de 21 de xullo:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas, indicando as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- b) Presentación dos documentos de xustificación da actuación realizada segundo o modelo que se achega con este convenio.
- c) Relación doutras axudas ou subvencións recibidas para a mesma actividade, indicando o importe e a procedencia.
- d) Carta de pagamento de reintegro no caso de sobrantes non aplicados.

O prazo para presentar esta conta xustificativa rematará o 31 de outubro de 2025.

SÉTIMA: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Ao vencemento do prazo de xustificación sinalado nas bases, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requiriráa para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións.

OITAVA: CESIÓN EN PRECARIO DO LOCAL DE ENSAIO

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Dada a natureza non lucrativa da Banda, e que da utilización privativa do local de ensaio non se desprende ningún beneficio económico para o Concello de Arteixo, e co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 92.5 da LPAP e 39 da LPG, a devandita Banda de Música, para paliar así os gastos dos locais dos que se poñen a súa disposición, comprométese a participar coa súa presenza en actos municipais. En ningún caso se poderán realizar a beneficio de asociacións, comisións de festas ou similares, nin xerar gastos engadidos para a Banda.

A realización destas accións queda fóra do réxime recollido no presente convenio, por non ter a consideración de actividade subvencionable, polo que a denuncia do mesmo ou a perda da subvención non implicará a extinción da presente obriga, salvo que abandonen o local de ensaio e demais instalacións municipais.

NOVENA: LABOR SOCIOCULTURAL

O labor sociocultural que a Banda se compromete a realizar verase materializado, como mínimo, nos termos indicados na cláusula 2ª do presente convenio.

DÉCIMA: LABOR EDUCATIVO

O labor educativo que a Banda se compromete a realizar verase materializada integrando como compoñentes dentro da súa colectividade ao alumnado da Escola Municipal de Música que sexan propostos/as e que estean interesados/as en formar parte desta agrupación, complementando desta maneira os estudos musicais cunha agrupación bandística. Así mesmo coa formación continua dos resto dos seus compoñentes.

DÉCIMO PRIMEIRA: CONTRIBUCIÓN AO PATRIMONIO MUNICIPAL

A Banda de Música Santiago de Arteixo comprométese a dotarse dun arquivo musical, e no caso de disolución, poñer a disposición do Concello de Arteixo todo o seu patrimonio.

DÉCIMO SEGUNDA: APROBACIÓN DO GASTO E PAGAMENTO

Considerando a especial natureza da actividade subvencionada e que para obter uns resultados de calidade a actividade formativa e educativa esta se realice dende o inicio do ano, é polo que se propón o recoñecemento da obriga do **80% da axuda comprometida (25.600,00 €)** no momento da aprobación do presente convenio, e como pago anticipado con carácter de entregas de fondos previas á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actividades inherentes á subvención.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Comprobada e aprobada a conta xustificativa, o Concello procederá ao pagamento do **20% restante da subvención (6.400,00 €)** mediante transferencia bancaria á conta do beneficiario.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Coa sinatura do presente convenio, a beneficiaria declara responsablemente non estar incurso en ningunha das causas reguladas no apartado 4º do artigo 31 da LSG, que impedirían o pagamento anticipado.

DÉCIMO TERCEIRA: SEGUIMIENTO E CONTROL DO CONVENIO

O seguimento será realizado conxuntamente, nos ámbitos correspondentes, pola presidencia da Banda e a concelleira de cultura do Concello de Arteixo, de acordo coas súas funcións e competencias, emitindo a Banda en cada caso e momento os informes que se lle soliciten e sexan preceptivos, e como mínimo un Informe-Memoria final que acompañará á xustificación da subvención concedida.

DÉCIMO CUARTA: REINTEGRO

Cando transcorrido o prazo de xustificación esta non se efectuara, acordarase o reintegro dos posibles anticipos concedidos, previo requirimento expreso por parte do Concello, no prazo de 15 días, e sempre que, de conformidade co previsto no artigo 70 do RD 887/2006 non se tivera solicitado ampliación do prazo de xustificación.

DÉCIMO QUINTA: FORMALIZACIÓN

O presente convenio en todos os seus apartados formalízase coa sinatura das partes dende a data que figura ao final deste convenio **ata o 30 de setembro de 2025**.

Asinado dixitalmente na data do documento electrónico:

Cristina Rey Diz (presidenta da Banda de Música Santiago de Arteixo)

Carlos Calvelo Martinez (alcalde do Concello de Arteixo)

José M^a Vázquez Pita (secretario xeral)

Ao corpo deste convenio xuntaranse os anexos I e II que deberán cubrirse en todos os seus apartados.

ANEXO I

COMPOSICIÓN ACTUAL DA BANDA DE MÚSICA SANTIAGO DE ARTEIXO (SENIOR)

- Composición da Xunta Directiva:

Presidente:

D.N.I.:

Vicepresidente:

D.N.I.:

Tesoureiro:

D.N.I.:

Secretario:

D.N.I.:

Vogais:

D.N.I.:

- Director:
- Componentes:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

